

## REGISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 04/07/2019 13:23:34

SAIDA **8280/19**




Reclamante: 


Expediente. Nº **R SCTG 067/2019**

Correo electrónico: 

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito do 25 de abril de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 1 de xullo de 2019, adopta a seguinte resolución:

### ANTECEDENTES

**Primeiro.**  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 25/04/2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 2 de abril de 2019, da Consellería de Sanidade, pola que se denega a súa solicitude de información ante Consellería de Sanidade sobre a identidade e cargo de quen asina o informe desa Consellería, como resposta á reclamación da Valedora do Pobo, no contexto do expediente I1.4.0/18926/18.

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude e do seu DNI.

**Segundo.** Con datado 7 de maio de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 13 de maio de 2019.

**Terceiro.** Con data 3 de xuño de 2019 a Consellería de Sanidade contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que no expediente indicado (18926/18) a consellería remite ao Valedor do Pobo a información sobre unha queixa presentada polo interesado sobre a demora na resolución da reclamación patrimonial e na remisión indicábase que se procedía a enviar a información e a documentación complementaria sobre a tramitación do expediente. Non se trata dun informe preceptivo requirido por unha norma senón que se trata de información facilitada en cumprimento do requirimento realizado pola institución sobre o problema que motivou a queixa, polo que a información non representa un xuízo técnico nin ten a consideración de informe de referencia. Nese senso, o nome e cargo da persoa que elabora a información carece de importancia por canto o contido do documento non ofrece a súa opinión técnica, senón que se limita a facer un resumo das actuacións realizadas na tramitación do expediente e ademais o reclamante posúe a información facilitada.

Cítase como referencia a Resolución do 15/02/2016 do Consello de Transparencia e Bo Goberno, que a Consellería entende que é de aplicación neste expediente xa que o contido da información remitida ao Valedor do Pobo, sendo irrelevante desde o punto de vista de información pública o nome e cargo da persoa que elaborou a información, posto que o documento non ten carácter de documentación pública, senón un resumo da tramitación do expediente de responsabilidade patrimonial.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### **Primeiro. Competencia e normativa**

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión

da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Sanidade notificou a resolución ao interesado con data do 14 de abril de 2019, segundo consta na copia do expediente remitido, e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 25 do mesmo mes, polo que debe admitirse por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O artigo 15 da Lei 19/2013, establece que cando a información solicitada non conteña datos especialmente protexidos (ideoloxía, afiliación sindical, orixe racial, vida sexual etc..) o órgano ao que se dirixa a solicitude concederá o acceso, previa ponderación suficientemente razoada do interese público na divulgación da información e os dereitos dos afectados cuxos datos aparezan na información solicitada, en particular o seu dereito fundamental á protección de datos de carácter persoal, debendo ter en conta o menor prexuízo dos dereitos dos afectados no caso de que os documentos unicamente contivesen datos de carácter meramente identificativos daqueles.

Neste punto, débese lembrar que o dereito de acceso á información, tal e como se menciona no preámbulo da Lei, debe permitir o escrutinio da acción pública, pero o obxecto da mesma non pode ser, en ningún caso, o coñecemento de información de carácter persoal que non achegue un valor fundamental para realizar o devandito escrutinio e que, pola contra, poida supoñer un prexuízo no dereito á protección dos datos persoais.

Se ben en contra do afirmado pola Consellería de Sanidade, o informe do que o reclamante pide identificación e cargo que o asina, debe considerarse información pública, dado que a información contida no mesmo é referida á documentación que consta nun expediente de responsabilidade patrimonial, no que non existen xuízos técnicos ou de valor e que é información asumida pola Consellería, é irrelevante desde o punto de vista de información pública o nome e cargo da persoa que elaborou a dita información, polo que de acordo co anterior, procede a desestimación da reclamación presentada.


En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### **ACORDA**

**Único:** Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 25 de abril de 2019, contra a denegación da desestimación da súa solicitude de acceso á información ante Consellería de Sanidade, sobre o nome e cargo da persoa que asina o informe desa Consellería no expediente de queixa ante a Valedora do Pobo nº I.4. Q/18926/18.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2019



Milagros Otero Parga  
**Presidenta da Comisión da Transparencia**